

ACTA DA 11ª REUNIÓN DO CONSELLO DE COOPERACIÓN BIBLIOTECARIA DE GALICIA

Lugar: sala I do edificio da Biblioteca e Arquivo de Galicia. Cidade da Cultura, Monte Gaiás s/n, Santiago de Compostela

Data: 4.07.2019

Hora de comezo: 12:00 h

Hora de remate: 14:00 h

ASISTENTES

Anxo Manuel Lorenzo Suárez (secretario xeral de Cultura), vicepresidente

Cristina Rubal González (subdirectora xeral de Bibliotecas), vogal

Noelia Bascuas Ferreiro (en representación da Biblioteca de Galicia), vogal

Alejandra Mosquera Souto (en representación das bibliotecas públicas de titularidade estatal ou autonómica situadas dentro do territorio de Galicia), vogal

José Luis Alonso Torreiro (en representación das bibliotecas de titularidade pública local), vogal

María Isabel Casal Reyes (en representación das bibliotecas universitarias), vogal

Cristina Novoa Fernández (en representación das bibliotecas escolares de centro de ensino non universitario), vogal

Carmen Bouzas Caamaño (en representación das bibliotecas especializadas), vogal

Anxo Alberte Gil (en representación das asociacións profesionais de bibliotecarios/as das existentes en Galicia), vogal

Manuel Bragado Rodríguez (proposta polo Consello da Cultura Galega), vogal

Consuelo Meiriño Sánchez (xefa do servizo do Sistema de Bibliotecas), secretaria

AUSENTES

Román Rodríguez González (conselleiro de Cultura e Turismo), presidente

Diego Rodríguez González (en representación das bibliotecas de titularidade privada integradas na Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia), vogal

ORDE DO DÍA

1. Lectura e aprobación da acta anterior.
2. Informe sobre a situación da 3ª fase de implantación do Catálogo da Rede de bibliotecas públicas de Galicia
3. Proposta de contido para a II Xornada de bibliotecas públicas de Galicia.
4. Premio á Innovación Bibliotecaria de Galicia 2019.
5. Información sobre o desenvolvemento das convocatorias de subvencións en materia de bibliotecas para o 2019
6. Informe Estratexia da Cultura Galega
7. Informe de actuacións en bibliotecas escolares
8. Rolda de intervencións

DELIBERACIÓNS

1 Lectura e aprobación da acta da comisión anterior

Apróbase, por unanimidade, a acta da sesión anterior, correspondente ao 14.02.2019.

2 Informe sobre a situación da 3ª fase de implantación do Catálogo da Rede de bibliotecas públicas de Galicia

A terceira fase comeza a dar os primeiros pasos no ano 2018, cando a AMTEGA saca a contratación para a integración de 80 novas bibliotecas no Catálogo colectivo da Rede de bibliotecas de Galicia e o desenvolvemento de novas funcionalidades no Sistema Integrado de Xestión Bibliotecaria. Adxudicase á UTE Xercode-Coremain no mes de decembro por importe de 631.445,76 € (IVE incluído), cunha duración de 18 meses.

Selecciónanse 80 bibliotecas públicas para esta nova integración e faise a comunicación aos respectivos Concellos e as bibliotecas ou axencias de lectura. Unha vez que os concellos acepten, asinan o Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para a integración das bibliotecas públicas municipais no catálogo colectivo da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia e comézase a traballar cos bibliotecarios para preparar a migración de fondos.

No mes de marzo iníciáanse os traballos previos e dende o pasado mes de xuño e ata o 30 de setembro incorporaranse ao Catálogo 66 bibliotecas, quedando as restantes para a súa integración nos meses de xaneiro e febreiro de 2020. Con antelación á

integración de cada biblioteca no Catálogo o persoal das bibliotecas recibe un curso de formación impartido polo persoal da Dirección Xeral de Políticas Culturais.

Con posterioridade a integración das bibliotecas se levaran a cabo os traballos de desenvolvemento, mellora e actualización do programa.

José Luis Alonso, intervén para preguntar como poden integrarse no Catálogo da Rede de Bibliotecas de Galicia, a Rede de bibliotecas do Concello de Arteixo e cando. Anxo Lorenzo responde que se levará a cabo unha fase posterior a través da implantación dunha ferramenta de descubrimento.

3 Proposta de contido para a II Xornada de bibliotecas públicas de Galicia

Presentase o borrador da II Xornada de bibliotecas públicas de Galicia que se vai celebrar o 21 de outubro co lema *Bibliotecas inclusivas: collemos todas e todos*, que pretende poñer en valor o importante papel que desempeñan as bibliotecas como espazos integradores capaces non só de axudar a paliar as desigualdades sociais senón de fomentar a colaboración entre diferentes xeracións, diferentes culturas, e converterse en espazos de convivencia cidadá e de atención ás persoas con diversidade funcional

Os eixes arredor dos que xirarán os relatorios serán:

-Accesibilidade universal (física, cognitiva e sensorial): fomentar a autonomía das persoas nos espazos da biblioteca.

-Fondos documentais accesibles: lectura fácil, linguaxe de signos, atención a necesidades específicas, inclusión de minorías e colectivos en risco de exclusión social.

-Servizos integradores: adaptar os servizos tradicionais e proporcionar servizos adaptados.

-Formación do persoal: a importancia de formar ao persoal na atención á diversidade.

Como novidade, esta edición pretende dar cabida a experiencias reais que exemplifican os contidos teóricos que se presentan en cada un dos eixes.

Un ano máis a Xornada pecharase coa entrega da segunda edición do Premio á Innovación Bibliotecaria de Galicia 2019

Acompáñase unha proposta de programa pendente de completar e ábrese un período de 10 días para a valoración do mesmo e o envío de achegas. O director xeral de Políticas Culturais anima a todos os membros da comisión a difundir a xornada e promover a participación.

4 Premio á Innovación Bibliotecaria de Galicia 2019

Por segundo ano convócase o premio á innovación bibliotecaria de Galicia por medio dunha orde de subvención na que se establecen as bases reguladoras polas que rexerá a súa concesión.

O premio ten como obxectivo impulsar e visibilizar os proxectos e boas prácticas levadas a cabo polas bibliotecas e/ou axencias de lectura públicas municipais de Galicia, que busquen resultados positivos para a persoa usuaria, que sexan pertinentes e adecuados ao contexto local onde se implantan. Deberán ser sostibles no tempo e fomentar a réplica nunha situación distinta pero en condicións similares.

Poderán ser beneficiarios desta subvención todas as entidades locais ou agrupacións de concellos de Galicia que sexan titulares de bibliotecas ou axencias de lectura pública integradas na Rede de Bibliotecas de Galicia.

Establécese un único premio de 3.000 € e un distintivo de biblioteca innovadora.

As bases para a súa concesión son similares a convocatoria do 2018, con pequenos cambios, modificacións ou aclaracións nos criterios de valoración dos proxectos ou boas prácticas unha vez recibidas as achegas de Bamad e dos membros da Comisión da Avaliación.

O director xeral de Políticas Culturais anima a todos os presentes a divulgar esta convocatoria.

5 Información sobre o desenvolvemento das convocatorias de subvencións en materia de bibliotecas para o 2019

Infórmase da situación das convocatorias de subvención para o 2019 en materia de bibliotecas:

- Dotación de novidades editoriais en galego en formato físico e mellora das coleccións bibliográficas convócanse como no ano 2018, conxuntamente e aumenta a súa dotación en 100.000 €. Publicada xa a resolución os Concellos beneficiarios son 151 no programa de dotación de novidades editoriais en galego en formato físico e 128 no de mellora das coleccións bibliográficas.

- Equipamento e mellora das instalacións e locais utilizados para a realización de actividades culturais cunha dotación orzamentaria de 500.000 €. Publicada a resolución a dotación orzamentaria correspondente aos proxectos subvencionados para locais de bibliotecas públicas é de 79.044,71 €.

O director xeral de Políticas Culturais informa que dentro das axudas destinadas a mellora de equipamento e instalación das bibliotecas, asináronse dous convenios un co Concello do Carballiño por importe de 70.000 € e outro co Museo de Artes do Gravado de 35.000 € para a súa biblioteca ilustrada. Deste xeito a Consellería fai no 2019 unha inversión global de case 200.000 €, destinados a mellora das instalacións bibliotecarias.

- Ler conta moito. No ano 2019 convócanse dúas ordes para a programación de actividades de dinamización da lectura nas bibliotecas e/ou axencias de lectura públicas de titularidade municipal, integradas na Rede de bibliotecas públicas de Galicia. Unha similar á do 2019 e a outra para a programación de actividades de dinamización da lectura que promovan a igualdade entre homes e mulleres e/ou a loita contra a violencia de xénero. A primeira por importe de 195.000 €, xa resolta con 190 bibliotecas públicas beneficiarias.

A convocatoria para a programación de actividades de dinamización da lectura que promovan a igualdade entre homes e mulleres e/ou a loita contra a violencia de xénero, por importe de 150.000 €, aínda está pendente de resolver, debido a moitos problemas para armar a convocatoria con fondos que achega o Estado dentro do Pacto contra a Violencia de Xénero que tardaron en chegar a través da Secretaría Xeral de Igualdade. A novidade desta convocatoria é que se subvenciona o 100% do importe da actividade.

- Subvencións para a dixitalización do patrimonio cultural de Galicia coa finalidade de preservación e difusión a través de Galiciana-Patrimonio Dixital de Galicia, cunha dotación orzamentaria de 800.000 €, resolveuse no mes de febreiro e está en período de execución dos proxectos seleccionados.

Anxo Lorenzo informa que se presentaron poucos proxectos e Isabel Casal pregunta pola súa continuidade en vindeiros anos ao que responde o director xeral que está falado con Amtega pero non se ten constancia de momento da súa continuidade.

José Luis Alonso Torreiro en nome da Asociación profesional de bibliotecarios municipais de Galicia faia a seguintes consideracións:

- Dotación de novidades editoriais en galego en formato físico: que se amplíe o prazo de xustificación do 31 de outubro porque é imposible facer os tramites necesarios para presentar a documentación en prazo.

- Mellora das coleccións bibliográficas: non consideran necesario que un 25 % do importe concedido se destine a adquisición de fondo bibliográfico editado en lingua galega porque xa hai outra axuda específica para a adquisición deste fondo.
- Equipamento e mellora das instalacións: solicitan que se convoque una orde específica para bibliotecas porque na actual convocatoria as bibliotecas quedan nun segundo plano, dado que os concellos optan por solicitar axudas para outras instalacións culturais en detrimento das bibliotecas.
- Ler conta moito: expón o seu malestar pola tardanza das convocatorias que provoca que o tempo para programar actividades sexa moi reducido e solicitan que se poida xustificar con gasto realizado en actividades o longo de todo o ano, como no caso de mellora.

Anxo Lorenzo contesta a as demandas expostas e di que é necesario para mellorar as coleccións en lingua galega das bibliotecas que se destine o 25 % do importe concedido a adquisición de fondo bibliográfico editado en lingua galega. Tamén comprométese a que a orde de Ler conta moito se tramite por anticipado de gasto y que salga convocada no mes de xaneiro para poder programar actividades a partir do mes de marzo.

6 Informe Estratexia da Cultura Galega

O director xeral de Políticas Culturais informa ao Consello que o pasado 20 de xuño compareceu no Parlamento de Galicia para explicar os avances e informar dos derradeiros pasos da tramitación da Estratexia da Cultura de Galicia, a folla de ruta que guíe a acción política da Administración autonómica nesta materia durante os próximos anos, co obxectivo de fortalecer a nosa industria cultural como piar na creación de riqueza e emprego. Expuxo as seis liñas estratéxicas previstas e presentou un avance dos 34 obxectivos. Explicou que a elaboración deste documento normativo é froito dun proceso aberto e participativo no que tomaron parte case 500 axentes culturais nun total de 23 xuntanzas de traballo.

Tamén destacou que a Estratexia da Cultura Galega reforza o papel do Consello de Cooperación Bibliotecaria de Galicia.

O anteproxecto da Estratexia publicouse na páxina web de Cultura e iniciouse un proceso de consulta pública e alegacións que remata neste mes de xullo. O texto final se presentará no mes de setembro.

Agradeceu o documento presentado por Bamad con achegas moi importantes que se poderían incorporar as medidas do plan.

7 Informe de actuacións en bibliotecas escolares

Cristina Novoa, como representante no Consello das bibliotecas escolares de centros de ensino non universitario presenta un resumo das principais actuacións que se están a realizar no 2019 nas bibliotecas escolares de Galicia.

Continuase cos programas que se ven desenvolvendo en anos anteriores:

- Plan LIA 2016/2020 lectura, información, aprendizaxe. Continúase coas actuacións iniciadas nos distintos ámbitos e comeza a avaliación de todo o período e o deseño dun novo plan 2020-2025

- Plan de mellora das bibliotecas escolares. Convocatoria PLAMBE 2019/2020, en proceso de resolución e nova convocatoria de axudas para centros concertados. Prevese a incorporación dun mínimo de 25 centros públicos e un máximo de 10 concertados.

Fai tamén unha reclamación para lembrar ao mundo editorial da falta de material de ciencia e de lectura fácil en galego.

- Programa Hora de Ler. Convocatoria de Clubs de Lectura 2019/2020 e publicación do borrador do informe “Clubs de, lecturas e lectores no ensino secundario de Galicia”, cun estudo cualitativo de José Millán sobre os clubs de lectura.

- Bibliotecas Escolares Solidarias. Voluntariado de lectura en primaria e secundaria se fan actividades de lecturas compartidas cos país ou en centros de terceira idade e Selo de Biblioteca Escolar Solidaria para 11 centros.

- Radio na biblio. Ferramenta moi boa para o alumnado e aínda que conta con pouco investimento xa participan no programa 80 centros.

- A biblioteca inclusiva. Continúase coas accións de axuda a centros para mellorar coleccións e equipamentos para unha mellor atención a diversidade e a formación. En novembro terá lugar unha Xornada de formación para responsables de centros CEE e outros.

- Proxecto “Biblioteca creativa”: recunchos de experimentación para impulsar a robótica e a creación de espazos creativos en centros de infantil e primaria especialmente en zonas rurais. Prevese incorporar 25 novos centros.

- Proxecto ELBE.2: trátase dun proxecto piloto de plataforma de libro dixital para 50 centros integrados no PLAMBE. Durante o 2019 farase un seguimento e mantemento do proxecto e continuarase en conversas con Amtega para a súa ampliación e posible integración en GaliciaLe para o 2020.

- Proxecto LÍA.2: selección de centros con espazo, traxectoria contrastada e compromiso para explorar novas posibilidades cara a un centro creativo das aprendizaxes. Durante o 2019 farase unha difusión dos vídeos gravados en 8 centros integrados en 2018 e a valoración de resultados e da posible ampliación para o 2020.

Formación:

- Xornada Biblioteca creativa. Outubro 2019

- Xornada biblioteca inclusiva. Novembro 2019

- Encontros PLAMBE, Xornada de Clubs de lectura e Xornada de Bibliotecas Escolares de Galicia, no 2020.

Cristina Novo tamén informa da repercusión internacional da Xornada Técnica sobre a biblioteca escolar do 23 de marzo para membros da Comisión Técnica de Bibliotecas escolares e persoal experto. Coa publicación do documento “4 retos para la biblioteca escolar” terá lugar en Santiago de Compostela, una Xornada Técnica, sobre a biblioteca escolar para os membros da Comisión Técnica de Bibliotecas Escolares do Consejo de Cooperación Bibliotecaria e expertos en lectura e comprensión lectora).

Outras actuacións:

- Estudio de impacto das bibliotecas escolares
- Comezos dos traballos para a implantación dun novo programa de xestión bibliotecaria.
- Difusión de boas prácticas a través da páxina de bibliotecas escolares e da revista EDUGA.
- Estudo estatístico sobre as bibliotecas escolares. Ministerio de Educación-CCAA 2019/2020.

8 Rolda de intervencións

1. Presentación da proposta de BAMAD Galicia de novos obxectivos para a Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia.

BAMAD Galicia achegou a Subdirección Xeral de Biblioteca e do Libro unha proposta de novos obxectivos para a Rede. O director xeral de Políticas culturais da a palabra ao representante da Asociación, Anxo Alberte Gil para que a presente.

Anxo Alberte di que coa finalidade de traballar de maneira planificada e con visión de futuro, sería necesario crear, a longo prazo, un Plan de Mellora da Rede. Dentro dese plan poden recollese ideas de actuación e obxectivos de interese.

Proposta de obxectivos a incluír no plan :

A) Mapa, Estándares e Tipoloxías de bibliotecas públicas

- 1) Actualizar o Mapa de bibliotecas públicas de Galicia.
- 2) Revisar e actualizar os estándares de bibliotecas mellorando aqueles aspectos que se consideren importantes para adecualos á nosa realidade.
- 3) Establecer plans de revisión do Mapa e avaliacións da situación das bibliotecas comparando os datos da realidade do Mapa co cumprimento dos Estándares.
- 4) Necesidade de que no Mapa se incida no cumprimento dos estándares: o que pode ser unha medida de presión importante para os concellos que non os cumpran.

B) Política de Procesos Técnicos

Que a Rede de Bibliotecas de Galicia produza as súas propias ferramentas de traballo:

- Regras de catalogación adaptadas á nosa realidade da política de catalogación
- Manuais de catalogación baseados nas nosas Regras de Catalogación.
- Listado de encabezamento de materias en galego.

C) Novas Ferramentas

- Comezar a traballar na elección dunha ferramenta de descubrimento.

D) Política de xestión do catálogo colectivo actual no programa Koha

Permisos: dotar a determinado persoal das bibliotecas municipais dos permisos necesarios para poder realizar a catalogación completa no que respecta a elementos de autoridades e materias, podendo facer cambios...

E) Política de desenvolvemento da Colección

- Tipo de colección idónea para cada tipoloxía de biblioteca.

- Colección inicial (para bibliotecas de nova creación) e mantemento das mesmas.

Situación do galego nas bibliotecas da Rede: contar cun informe sobre a situación do galego nos fondos da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia.

2. Intervención de María Isabel Casal Reyes

Ofrecer a Xunta de Galicia para que sexa posto a disposición de todas as bibliotecas os traballos xa feitos pola USC: Listado de encabezamentos de materias, de autoridades, as achegas do grupo de traballo de RDA...

Tamén quere comunicar o agradecemento da USC polo apoio da Dirección Xeral de Política Culturais á II Jornada de Patrimonio Bibliográfico, organizadas polo Grupo de Traballo de Patrimonio Bibliográfico de REBIUN e a USC que se celebrou en Santiago de Compostela os días 6 e 7 de xuño.

3. Outras intervencións

Carmen Bouzas Caamaño, felicita á Biblioteca de Galicia pola organización da xornada técnica sobre bibliotecas especializadas e centros de documentación por visibilizar e por en valor este tipo de bibliotecas.

ACORDOS

O Consello de Cooperación Bibliotecaria de Galicia toma por unanimidade os seguintes acordos:

1 Aprobar a acta da sesión anterior, correspondente ao 14.02.2019

2 Valorar positivamente o informe sobre a situación da 3ª fase de implantación do Catálogo da Rede de bibliotecas públicas de Galicia.

3 Proposta de contido para a II Xornada de bibliotecas públicas de Galicia, ábrese un período de 10 días para a valoración do mesmo e o envío de achegas

4 Apoiar e valorar a iniciativa da convocatoria do Premio á Innovación Bibliotecaria de Galicia 2019.

5 Aprobar o desenvolvemento das convocatorias de subvencións en materia de bibliotecas para o 2019.

6 Valorar favorablemente o Informe Estratexia da Cultura Galega.

7 Valorar favorablemente o informe sobre as actuacións en Bibliotecas escolares de Galicia.

Sen máis asuntos que tratar, o presidente remata a sesión e eu redacto esta acta como secretaria.

A secretaria

Visto e prace
O Vicepresidente

ANEXOS

1. Acta da 10ª sesión do Consello de Cooperación Bibliotecaria de Galicia
2. Informe do inicio da terceira fase do programa de xestión bibliotecaria para a Rede de Bibliotecas de Galicia.
3. Informe da II Xornada de bibliotecas públicas de Galicia 2019
4. Convocatoria da Orde pola que se establecen as bases do premio á innovación bibliotecaria de Galicia e se convoca para o ano 2019
5. Informe sobre o desenvolvemento das convocatorias de subvencións en materia de bibliotecas para o 2019.
6. Informe do primeiro semestre das actividades da Biblioteca de Galicia.